



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as** que debe ter o Consello Escolar xa que actualmente non hai ningún representante de alumnado no Consello.
2. A votación para a elección de representantes do alumnado no Consello Escolar será o vindeiro venres **15 de novembro de 10:00 h a 11:00 h.**
3. Para participar na referida votación procederase da seguinte forma:

1. Quen pode votar.

Ten dereito a votar todo o alumnado matriculado en ESO que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria.

2.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

3.- A quen se pode votar.

É elixible todo o alumnado que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 12:00 horas do citado día **8 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral será realizado pola xunta electoral o día **11 de novembro**, ás 12:00 horas, entre os pais que non se presenten como candidatos. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/as actuando como secretario/a o de menor idade.

- 5.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de 2 nomes** dos candidatos presentados.
- 6.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 7.-A dirección deste Colexio anima a todo o alumnado de ESO a que participe na votación do próximo venres 15 de novembro, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de alumnos no Consello Escolar.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Valdoviño, 30 de outubro de 2024

A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Tania Mª Ruanova Suárez